

BASES DA XINCANA INCLUSIVA 2026



CINBIO
Universidade de Vigo

XUNTA
DE GALICIA

Rede CIGUS
Centros de Investigación do
Sistema Universitario de Galicia

Cofinanciado por
la Unión Europea

Fondos Europeos

GOBIERNO DE GALICIA
INSTITUTO DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS E TECNOLÓXICAS
FECYT
INNOVACIÓN

Importante: A inscrición e participación na xincana inclusiva **CinVigo** supón a aceptación das condicións que aplican ao evento **CinVigo** en termos da Lei de Protección de Datos (LOPD) e cesión de imaxes para fins promocionais.

BASES DO CONCURSO

A xincana inclusiva é unha competición enmarcada no evento **CinVigo**, en formato xincana urbana, con enigmas agochados na contorna do centro de Vigo.

Nesta xincana contamos con varias categorías todas elas adaptadas a persoas con diversidade funcional, para aqueles/as participantes con limitacións de mobilidade.

Nota: A organización resérvase o dereito a cancelar ou modificar o evento en caso de forza maior, sen posibilidade de que as persoas participantes poidan reclamar calquera prexuízo á organización se así fose. Así mesmo, o comité organizador poderá denegar/expulsar da xincana a calquera participante ou equipo que teña cometido algunha infracción durante o desenvolvemento da competición (isto inclúe a falsidade documental).

PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Os requisitos de participación son moi sinxelos:

Importante: A inscrición e participación na xincana inclusiva **CinVigo** supón a aceptación das condicións que aplican ao evento **CinVigo** en termos da Lei de Protección de Datos (LOPD) e cesión de imaxes para fins promocionais.

Requisitos: Os/as acompañantes maiores de idade serán responsables dos/as menores durante a duración de toda a xincana e deberán acompañalos/as ao longo de todo o percorrido.

CONDICIÓNS XERAIS DOS EQUIPOS

1. **Queda estritamente prohibido tocar/manipular as pistas.** Todas as pistas teñen que estar a disposición de tódolos equipos participantes. As pistas non poden ser retiradas, nin manipuladas por parte dos diferentes equipos; autorízase o emprego de fotografías das mesmas durante a proba. Se algún equipo/participante do equipo retira a pista do seu lugar ou a modifica, expulsarase a todo o equipo da competición.

2. No momento da inscrición, os/as participantes teñen que:

- 2.1. Designar un/unha responsable do equipo.
- 2.2. Darlle un nome ó equipo.
3. No momento da xincana, os/as participantes teñen que:
 - 3.1. Os/as participantes dun mesmo equipo deberán ir xuntos/as en todo momento.
 - 3.2. Todos/as os/as integrantes do equipo deberán estar presentes para o seu rexistro á hora indicada.
 - 3.3. Todos/as os/as integrantes do equipo deberán estar presentes na explicación previa onde se darán as indicacións da proba (media hora antes do inicio oficial da xincana).
4. Número máximo de persoas participantes: **200**, por **rigorosa orde de inscrición**.
5. Prazo de inscrición online: ata o **venres 24 de abril ás 09:00h da mañá**.
6. Se o día do evento aínda hai prazas dispoñibles, abrirase un período de inscricións antes de que comece a xincana e **poderás inscribirte alí mesmo**: Avda. Beiramar (zona don Náutico de Vigo, a carón do monumento a Xulio Verne) entre as 10.00h e as 10.45h, no *stand* de CINBIO.
7. Só poderán participar aqueles equipos que se teñan inscrito previamente e proporcionen correctamente os datos requiridos.
8. A participación na competición desenvolverase exclusivamente en equipos, sen que sexa posible ningún outro formato de participación.
9. Os equipos estarán formados por un **mínimo de tres e un máximo de cinco membros**.
10. Os/as participantes só poden pertencer a un único equipo.
11. O uso do móbil é fundamental.
12. É necesario realizar o rexistro da xincana no *stand* CINBIO antes das 11h, hora de saída da xincana.

DESENVOLVEMENTO DA XINCANA

A xincana é unha actividade participativa na que se busca a diversión nun entorno próximo á celebración do festival **CinVigo** en Vigo. Nesta actividade, os equipos terán que atopar pistas en distintas zonas do paseo marítimo

(Avenida de Beiramar e arredores) que os levarán a realizar experimentos, responder preguntas ou atopar o seu seguinte destino ata chegar á meta.

Ao inicio da competición, os/as organizadores/as farán unha breve exposición explicando o funcionamento da proba e **a saída se realizará as 11h** do sábado 25 de abril, sendo a hora de saída para todos os equipos.

PROGRAMACIÓN

10:00 – 10:45	Novas inscricións no <i>stand</i> CINBIO
10:30 – 11:00	Rexistro de participantes previamente inscritos no <i>stand</i> CINBIO
11:00 – 12:00	Saída da xincana

OBXECTIVO E CONDICIÓN S DE CUMPRIMENTO

Esta actividade gratuíta celébrase na vía pública e, por tanto, medios de comunicación (fotógrafos/as etc.) poderán realizar a cobertura informativa do evento.

Para a participación na proba será necesario que cada un dos equipos conte cun dispositivo móbil (teléfono móbil ou tableta) capaz de ler códigos QR que facilitarán tanto a celebración das distintas probas como a xeolocalización dos e das participantes.

Considerarase que os equipos teñen finalizado se:

- Resolven todos os enigmas.
- Rematan a xincana antes das 12h
- Chegan todos os membros do equipo xuntos á meta.

CONTACTO

Para calquera dúbida, podes contactarnos en cinvigo@uvigo.es